

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION EXTRAORDINARIA DO 20 DE NOVEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO  
POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de novembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas. Ábrese sesión pública e constátase quórum.

ÚNICO.- (230).- DEBATE SOBRE OS PROCEDIMENTOS DE EXECUCIÓN HIPOTECARIA DERIVADOS DA CRISE ECONÓMICA E DA SITUACIÓN DA NORMATIVA DE APLICACIÓN.

ANTECEDENTES.- Convocado Pleno extraordinario cun único punto da orde do día relativo aos procedementos de execución hipotecaria, os grupos políticos da Corporación presentan as seguintes propostas:

Proposta presentada mediante escrito de data 20.11.2012, polo grupo municipal do BNG:

- A Corporación Municipal insta á FEMP e á FEGAM a esixir do goberno central a paralización de todos os desafiuzamentos mentres non se modifique a lei hipotecaria.
- Esiximos que esta lei teña carácter retroactivo.
- Que contemple a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda garantindo o aluguer social da mesma sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
- Que estableza a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.

Instar á Xunta de Galicia:

- A demandar do goberno do estado que habilite un fondo económico especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e familias en situacións económicas extremas.
- Creación dunha oficina de asesoramento para familias ameazadas polos desafiuzamentos.

- Creación dunha bolsa de vivenda social esixindo das entidades bancarias que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social a prezo taxado.
- Restaurar as axudas ás hipotecas aos afectados das vivendas de Navia.

Instar ao Goberno Local:

- Crear un servizo de atención para atender casos de desafiuzamentos, estudando por parte dos servizos sociais a posibilidade de establecer axudas ao aluguer e evitar as situacións extremas como cortes de luz, auga, etc...
- Retirar os fondos municipais monetarios daquelas entidades que practiquen os desafiuzamentos, e non volver establecer ningún tipo de concursos ou convenios con estas.
- Ordenar á Policía Local que non participe nin colabore en ningún desafiuzamento que teña lugar na nosa cidade.
- Poñer a disposición dos afectados os servizos de consumo e xurídicos do concello co fin de establecer un asesoramento continuado."

Proposta presentada mediante escrito de data 20.11.2012 polo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE:

“O estancamento do modelo de crecemento económico, o estoupido da burbulla inmobiliaria e a posterior crise financeira e económica, así como as prácticas abusivas e usurarias das entidades financeiras, teñen deixado a un número moi elevado de familias nunha situación dramática de sobre endebedamento. A proporción entre renda e endebedamento ten crecido dende o 45% no ano 1995 ao 76,7% no 2001, ata sobrepasar o 143% en 2008.

A principal causa de endebedamento das familias é o crédito hipotecario, concedido no seu día polas entidades financeiras de forma irresponsable, abusiva e, se cadra, negligente cando realmente eran as responsables de analizar o risco e a solvencia das familias que actuaban de boa fe e sen culpa. No segundo semestre de 2012 leváronse a cabo 18.668 lanzamentos xudiciais, un 124,5% máis ca no mesmo trimestre do ano 2008.

Concedéronse hipotecas de ata 40 anos, comprometendo en moitos casos máis do 50% dos ingresos da unidade familiar, chegando acadar ata o 120% do valor de taxación do inmovible, o que supuxo unha exposición desmesurada ao risco.

Na actualidade, as entidades financeiras non só executan os bens dos debedores, cobran uns intereses de demora practicamente usurarios, así como uns gastos de execución desproporcionados, senón que convierten ás familias de boa fe en debedores perpetuos que despois de verse desposuídos da súa vivenda habitual, seguen a ter débedas coa entidade que irresponsablemente lles concedeu o crédito hipotecario, condenando a centos de miles de persoas á exclusión social. Trátase dun comportamento abusivo, antisocial e manifestamente contrario ás máis elementais regras da boa fe.

Estase a vulnerar o artigo 47 da Constitución Española que consagra o dereito a unha vivenda digna e adecuada e que impón aos poderes públicos o deber de promover as condicións necesarias para facer efectivo este dereito.

A asunción de responsabilidades non se pode pretender exclusivamente por parte do debedor hipotecario, a parte máis feble da relación contractual, en tanto que as entidades crediticias que incentivaron a concesión abusiva de créditos hipotecarios non responden polos seus propios actos. As entidades financeiras deben asumir as súas responsabilidades na xénese e desenvolvemento da actual crise económica e financeira.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno de España para que as entidades financeiras paralicen de forma inmediata os lanzamentos derivados de execucións hipotecarias que recaian sobre a vivenda habitual, en familias en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, establecendo unha moratoria de dous anos, prorrogables por dous máis, coa conseguinte paralización do devengo de intereses de demora.

2.- Instar ao Goberno de España para que as entidades financeiras, no caso de que o ben executado sexa a vivenda habitual de persoas en situación de insolvencia sobrevida e de boa fe, a súa adxudicación por parte da entidade financeira suporá o pagamento de toda a débeda, extinguíndose totalmente a mesma, así como os intereses e mailas costas. A extinción da débeda, terá o mesmo efecto sobre calquera tipo de fianza ou aval. Neste caso, ademais, a entidade financeira deberá ofrecer ao executado a posibilidade dun aluguer social durante os dous anos seguintes á execución, cunha renda anual do 2% do importe total da débeda no momento de dación e co límite máximo do terzo dos ingresos da unidade familiar.

3.- Instar ao Goberno de España para que os activos inmobiliarios adxudicados ou adquiridos en pagamento de débedas hipotecarias por parte da Sociedade de Xestión de Activos (Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro) -o denominado "Banco Malo"-, contribúan á conformación dun parque de vivendas para aluguer social das familias afectadas.

4.- No caso de que algunha entidade financeira incumpra calquera dos aspectos contidos nos dous apartados anteriores, o Concello de Vigo extinguirá as relacións contractuais con ditas entidades e procederá a retirar os saldos líquidos que estime pertinentes dos que sexa titular o Concello de Vigo. Esta medida tamén condicionará a apertura de novas contas titularidade do Concello, así como a subscripción de calquera operación de crédito futura.

5.- O Concello de Vigo incluírá como suposto de exención do pagamento do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, a aquelas familias que se vexan sometidas a un procedemento de execución forzosa, tanto en vía xudicial como administrativa, incluído o procedemento de execución hipotecaria xudicial ou extraxudicial e a dación en pagamento, sempre que recaia sobre a

vivenda habitual e que o transmitinte non ostente titularidade sobre outros bens inmobles.

6.- O Concello de Vigo implantará unha unidade de asesoramento xurídico gratuíto para aquelas persoas en situación de insolvencia, que poidan perder a súa vivenda habitual e que necesiten asesoramento legal nestas cuestións.

7.- Así mesmo, o Concello de Vigo asesorará e apoiará a aquelas familias que xa foron obxecto de desafiuzamento e que se atopen en situación de necesidade.

8.- No caso de que se sigan a producir execucións hipotecarias, a Policía Local de Vigo absterase de intervir en ningún desafiuzamento, como ven sendo habitual dende hai máis de un ano.

9.- No caso de que se segan a producir desafiuzamentos, os representantes dos grupos políticos da Corporación Municipal de Vigo estarán presentes nos lanzamentos en sinal de solidariedade coas familias afectadas.”

Proposta presentada “in voce” polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular ao pleno extraordinario sobre os desafiuzamentos:

“1.- Apoiar o Real decreto-lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, publicado no Boletín Oficial do Estado Núm. 276, do venres 16 de novembro do ano 2012.

2.- Apoiar os obxectivos do goberno nas reformas que realice na tramitación parlamentaria do citado Real decreto-lei.”

DEBATE.- A PRESIDENCIA.- Este Pleno orixínase como consecuencia dun pedimento do voceiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira, e a convocatoria efectúese con data 15 de novembro.

As exposicións realizaranse en quendas de cada grupo de dez minutos de menor a maior e logo, no caso das haber, votaranse as propostas. O Bloque Nacionalista entregou unha proposta de resolución, o Partido Socialista outra e o Grupo Popular entrega outra de forma verbal pero que é coñecida polos tres Grupos da Corporación.

Se lles parece, señoras e señores concelleiros, iniciamos a sesión. A primeira quenda de dez minutos é para o Bloque Nacionalista. Sr. Domínguez ten a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar quero agradecerlle ao alcalde-presidente desta Corporación que aceptase o pedimento do Bloque Nacionalista

Galego diante da solicitude de realizar un Pleno extraordinario.

Propuxemos este Pleno extraordinario porque dende hai anos dende o noso Grupo vimos dicindo que unha das prioridades absolutamente claras que debe ter unha administración sen ningunha dúbida é a de acometer o que é prioritario para a cidadanía en xeral. Propuxemos a realización deste Pleno porque nos parecía que hai que institucionalizar e porque os responsables políticos, diante das extremas situacións económicas que están a atravesar moitas familias, teñen que dar exemplo máis ca nunca e dunha vez por todas.

Temos que dar exemplo primeiro de unidade, segundo de colaboración e en terceiro lugar de querer mirar de fronte e non de carón aos problemas reais que afectan á cidadanía, sobre todo cando estamos falando de xente que está morrendo, de auténticos dramas existenciais que levan moitas veces ás persoas a non saber definitivamente que facer; cando se lles está quitando ás persoas a súa dignidade e o dereito máis elemental (bendita Constitución española) recollido precisamente nesa Constitución que moitos defenden e proclaman: o dereito a unha vivenda digna, dereito recoñecido tamén internacionalmente.

Quen vai crer nas administracións e nos gobernos se non son quen de aplicar nestes casos as máis elementais normas de xustiza social. Por desgracia tivo que haber mortos para que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista reaccionaran, para que sentaran, aínda que iso si, sen chegar a ningún tipo de acordo elemental.

Señores do Partido Popular e do Partido Socialista, chegan tarde. Hai un ano a nosa deputada no Parlamento español, D<sup>a</sup> Olaia Fernández Davila, propuxo diante deste Parlamento cousas tan elementais como a modificación da Lei hipotecaria, a doazón en pago e a moratoria para aqueles casos máis urxentes. Daquela, hai máis dun ano, o Partido Popular e o Partido Socialista votaron en contra destas modificacións. Por desgracia tivo que haber mortos para que agora semelle que reaccionan.

Señores do Partido Popular, agora aparece un decreto que novamente demostra que o goberno volve agochar a cabeza diante da banca, porque si. Despois de Franco estamos a pasar claramente por unha nova ditadura: a da gran banca, a dos bancos capitaneados pola Sra. Merkel e o seu xeneral en xefe o Sr. Rajoy, un presidente de goberno que non é máis ca o seu lacaio para dobregar os intereses

da cidadanía e esmagar calquera rebelión dos que queremos dicir que xa abonda. Chegan a Sra. Merkel e os bancos e din que déficit cero, que reformemos a Constitución porque hai que pagar a débeda dos bancos e en quince minutos os señores do Partido Popular e do Partido Socialista se poñen de acordo, cambian a Constitución, déficit cero e fan recortes e máis recortes.

Chegan a Sra. Merkel e os bancos e din que os traballadores e as traballadoras do noso país gañan moito, hai que recortar os seus salarios e ademais os hai que despedir máis facilmente. Axiña os dous partidos se poñen de acordo, o Sr. Zapatero saca unha reforma laboral e o Partido Popular acaba de sacar outra aínda máis gravosa para os traballadores e traballadoras. Din que hai que acabar cos servizos públicos; recortar en ensino, sanidade e servizos sociais e en cinco minutos os señores do Partido Popular fan exactamente o que lles manda esta nova ditadura.

Agora ben, cando milleiros de cidadáns saen á rúa para demandar políticas sociais máis xustas, para defender os dereitos laborais; cando milleiros de cidadáns estanse vendo obrigados a abandonar as súas casas por mor da especulación e o roubo dos grandes bancos e do actual sistema financeiro entón miran cara outro lado e non fan caso. Pero iso si, como acontece co decreto, se atrincheiran na dialéctica e nas desculpas administrativas.

Que casualidade que legalmente sempre sexa complicado cambiar as leis, que teñan carácter retroactivo e facer moratorias cando esas modificacións estean dirixidas a beneficiar aos menos favorecidos. Non hai ningunha complicación administrativa, ningunha tacha xurídica cando se trata de favorecer á gran banca, ao gran capital e de establecer axudas millonarias para os bancos.

Polo tanto dende o Bloque Nacionalista Galego queremos reclamar claramente a rebelión diante deste tipo de políticas que están facendo que homes como Ricardo teñan que acampar na rúa diante dunha entidade financeira. Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos dispostos a chegar a un consenso no que faga falta pero sen deixar de mirar cara os problemas reais e sendo contundentes.

O outro día escoitáballe dicir a unha persoa relacionada coa banca que a hipoteca é un contrato, que cando un establece unha débeda sabe que a ten que pagar. Efectivamente isto é así, pero hai moitas familias que puxeron en mans dos bancos esa hipoteca e asinaron un contrato porque anteriormente uns líderes políticos

tamén asinaran un contrato coa cidadanía. Hai moitas familias que podían ter algún membro en paro pero escoitaron coma un responsable político hai catro anos lles dicía que o problema do paro en Galicia se arranxaba en corenta e cinco días. Houbo familias que fixeron as súas contas ao final do mes e puideron facer unha hipoteca crendo nun responsable político que lles prometeu que non subiría os impostos.

Pois ben, se se bota ás familias das súas casas porque non poden cumprir un contrato, ao Sr. Rajoy hai que o botar da Moncloa, facerlle tamén un desafuzamento porque non cumpriu un contrato que tiña coa cidadanía e aínda por riba este señor está vivindo nun palacio que pagamos todos e todas. Se hai que lle facer un desafuzamento a alguén é ao Sr. Rajoy e que marche da Moncloa.

Remato explicando a nosa proposta porque, como dicía antes, queremos ser contundentes, non abundan medias tintas con problemas que están afectando ás vidas das persoas.

En primeiro lugar queremos reclamar do goberno central que se paralicen todos os desafuzamentos mentres non se modifique a Lei hipotecaria porque, quen son os bancos para decidir cales son as familias que actúan de boa fe ou as que están en situación extrema? Tamén esiximos que a Lei teña carácter retroactivo, que se contemple dunha vez por todas a doazón en pago.

Queremos demandar tamén da Xunta de Galicia que se habilite un fondo económico, que se cre un fondo de vivenda social.

Tamén queremos instar ao goberno local a que haxa un servizo de atención para todos os casos de persoas afectadas; que se retiren os fondos municipais monetarios daquelas entidades que practiquen os desafuzamentos; que se lle ordene á Policía Local que non participe nin colabore en ningún desafuzamento que teña lugar na nosa cidade e que se poñan ao dispor dos afectados os servizos de consumo e xurídicos deste Concello.

En definitiva, compañeiros e compañeiras de Corporación, este non é un tema calquera. A crise económica, a ditadura dos bancos está propiciando que ás familias, que cos seus impostos pagan e conseguen que este país e esta cidade medren cada día co seu traballo e esforzo, queden sen o máis elemental que é a súa vivenda.

Repito novamente que quen ten que abandonar ese palacio da Moncloa é o señor



que está facendo que acontezan estas situacións.

SR. LÓPEZ FONT: Consideramos dende o Grupo municipal Socialista que este é un debate oportuno e totalmente necesario, pero tamén é certo que hai que aclarar determinadas cuestións dunha vez por todas.

O Partido Socialista sempre se preocupou deste tema e dende o ano 2011 leva facendo propostas relacionadas con este problema que inunda á sociedade española e cos seus votos a favor participou en sete votacións no Parlamento do Estado para o solucionar.

Coido polo tanto que é a hora, non de competir entre nós ou veren quen fixo máis ou menos, é a hora de buscar solucións e de estar como efectivamente estivemos onte con Ricardo a concelleira de Benestar Social e máis eu en representación do alcalde, non do alcalde de calquera outra localidade do contorno de Vigo senón do de Vigo, estando alí con el para lle trasladar primeiro a nosa solidariedade e en segundo lugar o que imos propoñer aquí que é o noso apoio ás medidas que se deben adoptar para solucionar un problema que certamente é grave. Coido polo tanto que o noso deber é buscar un acordo, un consenso entre os vinte e sete concelleiros desta Corporación para solucionar este problema.

É evidente que co estoupido da crise e o aumento do paro milleiros de persoas chegaron a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades básicas, entre elas o pagamento da vivenda habitual dunha familia.

Non só estamos falando da perda dunha vivenda para as familias con todo o que iso supón, tamén dunha condena financeira de por vida. Trátase dunha situación profundamente inxusta e dende logo é necesario reaccionar para evitar que todas as consecuencias da crise recaian sobre a parte máis vulnerable do contrato hipotecario e en troques as entidades financeiras, que son en boa medida una parte responsable desta crise e sobre as que o goberno presentou un rescate con cartos públicos, manteñan a súa posición de forza na execución hipotecaria co resultado da perda da vivenda para milleiros de familias.

Os concellos, que somos as institucións máis próximas ao cidadán e polo tanto vivimos o día a día dos problemas e das consecuencias persoais e sociais que estes desafuzamentos están provocando, assistimos impotentes a un drama colectivo; estamos vivindo un auténtico *tsunami* social que nos desborda e produce un

enorme dano á cohesión social.

Malia as limitación que podemos ter no ámbito municipal, cremos que é imprescindible, e é o que traemos aquí, unha proposta de resolución, un pronunciamento porque nos rebelamos diante dunha situación que consideramos inxusta e insostible. Queremos pedir a todos e a todas unir vontades esixindo accións e asumindo tamén a responsabilidade de actuar na parte que nos toca.

O Real decreto do goberno do Estado convértese realmente nun parche, non soluciona todos os problemas na súa dimensión real; debe haber aquí, e iso é o que solicitamos, un compromiso claro e firme por parte do goberno de reformar a normativa, que dea solución aos problemas que nestes momentos temos pero que tamén impida que se repita o pasado. Evidentemente o obxectivo non é que a xente deixe de pagar, senón que poida pagar porque a moratoria que se inclúe neste Real decreto e sobre a que solicitamos un cambio, é tan restritiva que vai permitir que se beneficien menos familias cas que deberían.

Presentamos unha proposta de resolución adaptada ao que podemos facer dende a administración municipal que comprende nove puntos.

*Deseguido o voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, procede a ler o texto da proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.*

SR. LÓPEZ FONT: Esta é a nosa proposta no que atinxe ao Concello de Vigo, pero a maiores o goberno municipal actuará sobre a declaración que os tres mil cen alcaldes do Partido Socialista asinaron onte e que contempla medidas de carácter xeral.

En resume, o que pretende a nosa proposta é adoptar unha serie de medidas dentro das posibilidades do ámbito municipal, medidas que coido que son efectivas, como se puido comprobar coa lectura das mesmas. Van significar que para os que estean nesta situación sexan unha solución inmediata porque efectivamente se trata, dende as institucións, dende este Concello, de dicirlles aos cidadáns que padecen esta situación que estamos basicamente de acordo en tres puntos: suspensión inmediata dos desafiuzamentos cunha modificación lexislativa que o permita no futuro; dación en pagamento e aluguer social. En suma o noso lema debe ser que ninguén quede sen a súa vivenda por insolvencia económica

sobrevida, por paro ou por outras situacións, das que a persoa ou a familia non son responsables.

Evidentemente unha sociedade decente, solidaria e que se preocupa polos máis desfavorecidos ou polos que se atopan en situacións como as actuais, non pode deixar tirado a ninguén por un motivo como é o dos desafuzamentos. Precisamente para o goberno municipal este é e será o noso compromiso.

SR. FIGUEROA VILA: Eu pensei que hoxe falaríamos dos desafuzamentos e non doutras cuestións como as que se presentaron aquí por parte dalgún grupo.

Dende o Grupo municipal Popular de Vigo imos esixirlles a todas as administracións gobernadas polo noso partido que actúen dun xeito contundente nun problema que afecta a moitas familias coas que temos que ser solidarios pola situación de extrema gravidade que están a pasar e que en momentos puntuais pode levalas a situacións dramáticas como as que estamos a vivir. Creo que absolutamente todos coincidimos en que hai que resolver este problema que teñen moitas familias de Vigo, Galicia e España.

Pero tamén hai que falar dos antecedentes de por que chegamos a esta situación porque senón semella que esquecemos o pasado.

Os desafuzamentos lévanse producindo dende o ano 2008 no que houbo 26.748, no ano 2009 foron 33.916, no 2010 foron 47.800 e no 2011 producíronse 58.241. Ata aí ninguén dixo absolutamente nada.

Polo tanto eu preguntaría ao Bloque Nacionalista Galego por que votaron a favor dos orzamentos dos anos 2005 ao 2009 e non dixeron absolutamente nada sobre estas cuestións e sobre outras relacionadas coa vivenda? Non dixeron nada pero si aprobaron os orzamentos. Houbo debates no Pleno do Congreso e na Comisión de Vivenda do ano 2010 en que se presentou unha proposición non de lei para a dación da vivenda en pagamento da totalidade da débeda hipotecaria e houbo unha intervención dun membro do Partido Socialista dicindo o seguinte:

*“Non compartimos a solución proposta por varias razóns. En primeiro lugar é a propia seguridade xurídica a que impide aplicar a reforma proposta con efecto retroactivo. En segundo lugar admitir a dación en pagamento da vivenda familiar daría lugar a un problema aínda maior, habería que atopar unha vivenda para a xente que se quedou sen ela e tena que entregar. En terceiro lugar, ademais de*

*inseguridade xurídica, as medidas propostas agravarían a situación económica na que nos atopamos por canto as entidades financeiras verían diminuída a súa garantía. As entidades financeiras curaríanse en saúde e diminuirían a porcentaxe do préstamo concedido con respecto ao prezo total da vivenda ou variarían os diferenciais. Polo tanto o meu grupo, o Grupo parlamentario Socialista por responsabilidade nin pode, nin debe apoiar esta medida que cando menos é inoportuna e pouco ou nada eficaz, que xera falsas expectativas para os afectados que poderían lanzar unha mensaxe aos mercados que acabaría volvéndose en contra de todo o sistema económico do noso país e que, por tanto, xeraría máis e maiores problemas dos que solucionaría”.*

Isto dicían os socialistas no Parlamento de España a finais do ano 2010. Ademais no ano 2011 tamén se rexeitou un cambio da Lei de axuizamento civil en materia de execución hipotecaria.

Estes son os antecedentes do pasado que están aí, son importantes e hainos que salienta porque vostedes están solicitando unha serie de cousas que tiveron a oportunidade de cambiar cando gobernaban, daquela puideron facer cambios na Lei hipotecaria. Linlles o que dicía un socialista, non o invento, só estou relatando o que aconteceu.

En calquera caso o importante é o que temos que facer. O Partido Popular nun ano no goberno xa enfrontou dúas veces este asunto. Primeiro fíxoo en marzo do 2012 co Código de Boas Prácticas ao que se engadiron entidades financeiras e recentemente co Real decreto de medidas urxentes para reforzar a protección dos debedores hipotecarios. Isto é o que se está a facer, pero con iso aprobáronse unha serie de medidas.

A primeira é que se paralicen durante dous anos os desaloxos dos que máis o necesitan, que non superen un nivel de renda previsto tres veces o IMPREM, o que representaría familias cuxos ingresos mensuais non superen os 1.597 euros, que non sufriran unha alteración significativa das súas condicións económicas e cuxa cota hipotecaria supere o 50% dos ingresos brutos e nos que se trate dun crédito garantido con hipoteca sobre a única vivenda en propiedade, que sexan familias numerosas con nenos ou dependentes ao seu cargo, discapacitados, debedores en paro sen prestacións ou vítimas de violencia de xénero.

Tamén que se cre un fondo social de vivendas de aluguer a prezos baixos destinado

ás familias que xa perderon as súas casas. Destas vivendas poderanse beneficiar aqueles cidadáns que xa sufriron o desafiuzamento e que a paralización dos desaloxos non teña carácter retroactivo.

Coido que a terceira parte é a importante: Ademais o goberno abordará outras reformas durante a tramitación parlamentaria en diálogo con todos os partidos. Isto é o máis importante, que entre todos sexamos capaces de estar unidos, de enfrontar o problema e buscar solucións porque vostedes saben que un cambio da Lei hipotecaria leva de seu unha serie de tramitacións parlamentarias, mesmo o aval de Bruxelas, e iso significaría un importante atraso.

O que está a facer o goberno é intentar tomar medidas que seguramente non son suficientes, pero son medidas preventivas que poden paliar a situación dos desafiuzamentos, a situación hipotecaria que viven moitas familias. Isto é o que verdadeiramente nos ten que preocupar a todos. A todos nos ten que preocupar que a normativa teña seguridade xurídica, que sexa aplicable porque non vale absolutamente nada que se tomen medidas se logo non se poden aplicar ou axustar á legalidade e logo nos atopemos con dificultades tanto nas tramitacións como no espírito e no fondo do que queremos todos cambiar. Ao final queremos todos o mesmo, o único que estamos intentando é buscar solucións.

Evidentemente isto ven aparelado cunha situación que se chama política de vivenda. Non podemos escapar única e exclusivamente porque o tema dos desafiuzamentos é moi importante e moi grave, pero isto ten que vir aparelado cunha política de vivenda clara, hai que saber o que hai que facer coa vivenda social, coa vivenda protexida e aí temos unha responsabilidade todos os políticos de intentar construír e poñer en mans dos cidadáns vivenda protexida, vivenda a prezos razoables.

Dende logo eu co tema da vivenda síntome moi tranquilo porque estamos a falar do tema dos desafiuzamentos pero ten que vir aparelado con políticas de vivenda.

Nesta cidade prometéronse 6.000 vivendas protexidas e non se construíu nin unha soa cando estas son as políticas que hai que aplicar. Prometeuse o 40% do solo urbanizable dedicado a vivenda protexida pero eu pregúntolles, cantas vivendas protexidas se puxeron en marcha nesta cidade? Parece que lles molesta, pero é o que hai que facer: aplicar políticas de vivenda protexida que vostedes non son capaces nin o saben facer.

Unha ex ministra socialista dicía: “Quen teña débedas que as pague, que non se endebedara”. Vostedes cren que co que estamos vivindo pode ser de recibo que unha persoa que foi ministra poida dicir iso?

Nós imos apoiar este decreto do goberno e imos dicirlle que o siga aplicando e intentando negociar con todos os grupos políticos para que entre todos poidamos complementar a normativa sobre desafiuzamentos, buscar fórmulas que se poidan aplicar e que se resolvan dunha maneira inmediata baseada na legalidade e co apoio xurídico necesario.

Creo que é o que temos que facer todos os grupos políticos e dende logo que nós nos prestamos á maior colaboración cos grupos deste Pleno para buscar unha fórmula consensuada se é posible. Se non o é evidentemente defenderemos as propostas que se puxeron en marcha máis algo importante: que se aborde a partir de xa con todos os grupos políticos para pechar dunha vez por todas unha normativa que sexa aplicable. Isto é o máis importante porque hai normativas que se poden relatar, comentar ou trasladalas á opinión pública pero que logo non son aplicables como acontece en moitas ocasións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Presidente, permítame medio minuto e logo déalle medio minuto aos outros grupos, non quero máis que medio minuto.

Gustaríame que o Sr. Figueroa dixera a verdade neste Pleno. Cando acaba de dicir que ninguén dixo nada, gustaríame preguntarlle de quen é esa proposición non de lei que citou, quen a presentou no Parlamento español e que grupo político a presentou. Gustaríame que contestara a iso, pero tamén a outra cousa: que votou o Partido Popular diante desa proposición de lei? Diga as dúas cousas porque a este Pleno hai que vir e dicir a verdade.

O problema dos desafiuzamentos é un problema de política económica, de suba de impostos, de recortes sociais e as familias que están na rúa o están porque non poden pagar por mor desas políticas económicas.

Ademais, para frases gloriosas está a dunha compañeira de seu no Parlamento do Estado cando dixo que os parados de longa duración “que se fodan”. Isto para frases gloriosas.

SR. LÓPEZ FONT: Basicamente quérolle dicir ao Sr. Figueroa que se estamos á busca

de solucións se teñen que poñer a iso, teñen que intentar que a normativa que saia do goberno do Estado repercuta sobre todas as familias e persoas que están nesta situación.

Sr. Figueroa, nestes momentos non vale o que se dixo no ano 2010, nin o que se dixo en determinados debates porque eu tamén lle podo dicir que o 28 de decembro do 2011 o Partido Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei para atallar o problema dos desafiuzamentos pero contou co voto negativo do goberno. Polo tanto non se trata de que dixemos cada quen no seu momento, non vaíamos por ese camiño, porque senón vostede, Sr. Figueroa, tería que lembrar todo o que o Sr. Rajoy lles prometeu aos cidadáns españois en materia de impostos nas pasadas eleccións e tamén todo o que incumpriu.

Non abandone a sensibilidade do problema social que temos enriba da mesa e abórdelo, trate que o goberno estableza normas concretas e deixe de mirar cara ao pasado porque tería que mirar cara ao pasado 20 de novembro cando o Sr. Rajoy enganou aos españois de xeito totalmente indigno.

SR. FIGUEROA VILA: É difícil non contestar porque os antecedentes históricos están aí. Se neste país non tivéramos cinco millóns e medio de parados no ano 2011, seguramente a situación sería outra e as políticas a aplicar outras totalmente distintas. Se a débeda non fose de máis de 900.000 millóns de euros tampouco sucedería o de agora. Se vostedes dixeran a verdade e o déficit en vez do 6% non fose dun 8 e medio, case un 9%, seguramente poderíanse aplicar outras políticas.

Se vostedes que se comprometeron a construír 6.000 vivendas protexidas nesta cidade as construíran, seguramente teríamos menos problemas.

O goberno está intentando crear normativas aplicables, non vale a demagogia de dicir nun papel o que lles gustaría facer que seguramente o votaríamos todos, pero o problema é que ten que ser aplicable e coa correspondente seguridade xurídica.

Aplicáronse dúas ou tres normas pero queda a cuestión máis importante que é que o goberno abordará outras reformas durante a tramitación parlamentaria en diálogo con todos os partidos políticos. Esta é a base.

Poñámonos todos a traballar nesta dirección para que entre todos sexamos capaces de sumar, de atopar esa normativa que defenda a seguridade xurídica e que se poida aplicar.

Isto é o que presentamos dende o noso grupo e aí vannos ter ata onde vostedes coiden oportuno.

A PRESIDENCIA: Presentáronse tres propostas de resolución: unha do Bloque Nacionalista Galego, outra do partido Socialista e unha terceira do Partido Popular presentada “*in voce*” que contén as medidas do goberno. Someterémolas a votación por orde de grupos de menor a maior:

(Durante as votacións non está presente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA PROPOSTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta presentada ao Pleno da Corporación polo Grupo municipal do BNG, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG,



señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta presentada polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA PRESENTADA “*IN VOCE*” POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto e,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta presentada “*in voce*” durante o transcurso do debate polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ao libro de actas do Pleno

autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme co previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.